

The background features a close-up, slightly blurred view of several wooden planks stacked together. A large, semi-transparent red rectangle is overlaid on the left and center of the image, serving as a background for the text.

# MEMORIA ANUAL 2022

ASOCIACIÓN DEREITO A  
MORRER DIGNAMENTE

**G A L I C I A**

[derechoamorir.org](http://derechoamorir.org)

# Presentación

---

*Desde a aprobación da Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia (LORE) o traballo de DMD centrouse en pesquisar como funciona a lei nas diferentes Comunidades Autónomas, analizar os datos obtidos e premer todo o posible ás institucións para esixir melloras no seu funcionamento. Por outra banda é fundamental ser capaces de axudar a todas aquelas persoas con dificultades para exercer o seu dereito, polo que tivemos que concentrar esforzos en entender os pormenores da LORE e elaborar procedementos para orientar de forma adecuada as consultas que recibimos.*

*O 2022 iníciase coa LORE implementada en todas as comunidades, aínda que traballamos sen apenas datos públicos do impacto da lei desde a súa aprobación. Ao final de 2022, só Asturias e Cataluña fixeran público o seu informe anual coa información máis relevante. Pola súa banda, o Ministerio de Sanidade, encargado de recompilar a información e elaborar un informe completo, tampouco o ten feito ata o momento. Desde DMD seguimos á espera desta información, moi valiosa para orientar o noso traballo e elaborar a nosa propia avaliación independente do desenvolvemento da lei de eutanasia.*

*O número de peticións de información que recibe a Asociación aumentou considerablemente desde a aprobación da LORE en 2021, e en 2022 a tendencia foi á alza. Este incremento requiriu dun esforzo a nivel interno para concretar os termos e límites da atención que ofrecemos e para coordinar o asesoramento que se ofrece desde as Diferentes Asociacións e Grupos Locais.*

*Queremos destacar o crecemento da Asociación con respecto a 2021. Aínda que non foi o crecemento de anos anteriores á pandemia, podemos prever que se manterá esta tendencia.*

*Nesta memoria presentamos o traballo da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia realizado ao longo do 2022 coa finalidade de promover o dereito de toda persoa a dispoñer con liberdade do seu corpo e da súa vida, e a elixir libre e legalmente o momento e os medios para finalizala.*

*DMD Galicia forma parte da Asociación Federal Dereito a Morrer Dignamente; estamos integrados na súa Xunta Directiva e realizamos traballo conxunto con outras Asociacións e Grupos Locais.*

---

Extracto do Plan Estratégico de DMD Federal (2022-2026)

- Visibilizar o labor de DMD: defender os dereitos ao final da vida, monitorizar a aplicación LORE, denunciar incumprimentos, etc.
- Contribuír á reflexión e debate sobre a autonomía ao final da vida e a morte voluntaria.
- Manternos como entidade de referencia en materia de eutanasia e boa morte.

As institucións teñen un papel fundamental na promoción da morte digna como un valor social; por iso, desde DMD solicitamos ás mesmas que fagan a pedagogía necesaria dos dereitos ao final da vida entre a cidadanía e fomenten o Testamento Vital como ferramenta para a toma de decisións. No primeiro ano completo de aplicación da Lei de Eutanasia boa parte do traballo centrouse en analizar o funcionamento desta lei e en realizar propostas de mellora.

## Incidencia a nivel autonómico.

### ● XANEIRO

#### **DÍA DA MORTE DIGNA EN GALICIA.**

En lembranza de Ramón Sampredo, símbolo do dereito a decidir sobre a propia vida e da loita pola despenalización da eutanasia, celebramos un ano máis un encontro na praia das Furnas (Porto do Son, A Coruña), no que reivindicamos a institucionalización do 12 de xaneiro, aniversario da súa morte, como Día da Morte Digna en Galicia.

### ● MARZO

#### **PREGUNTAS NO PARLAMENTO DE GALICIA.**

Como resultado das entrevistas que mantivemos no mes de novembro de 2021 cos grupos da oposición parlamentaria galega (PSOEG e BNG), o BNG rexistrou en febreiro unha serie de [preguntas relacionadas co obstrucionismo que vén practicando a Xunta de Galicia](#) e, en particular, a Consellería de Sanidade, dende que foi aprobada a Lei de Eutanasia hai xa 1 ano, preguntas que foron formuladas na Comisión de Sanidade en marzo.

### ● DECEMBRO

#### **DECLARACIÓN DE APOIO AO 12 DE XANEIRO COMO DÍA DA MORTE DIGNA EN GALICIA.**

Recollida de sinaturas dirixida a organizacións civís do eido da sanidade, profesional, xudicatura, feminismo, cultura, sindicatos, organizacións veciñais, no marco dunha campaña política para acadar que o 12 de xaneiro sexa declarado Día da Morte Digna en Galicia.

Extracto do Plan Estratégico de DMD Federal (2022-2026)

- Chegar á cidadanía.
- Máis persoas asociadas.
- Maior participación das persoas asociadas.
- Modelo de grupos.
- Formación do activismo.

O traballo de Expansión pretende que a asociación creza, pero non só en número de persoas asociadas; a nivel interno procúrase que máis persoas participen do traballo que se fai en DMD Galicia. Máis persoas asociadas ofrécennos máis capacidade económica e máis persoas traballando de forma activa é fundamental para xerar un relevo que faga perdurar a Asociación no tempo.

## Chegar á cidadanía

Unha das liñas principais de traballo para chegar á cidadanía é procurar a implicación doutras organizacións civís, así como a colaboración coas mesmas. Ao longo do ano DMD Galicia contactou con diversas organizacións da sociedade civil para solicitar a súa adhesión á Declaración de apoio ao recoñecemento do 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galicia, que está a promover.

DMD Galicia forma parte de SOS Sanidade Pública e apoia as súas accións políticas en defensa dunha sanidade pública imprescindible para garantir o dereito a unha morte digna.

DMD Galicia mantivo relacións de colaboración para organizar actividades de difusión sobre os dereitos ao final da vida co Sindicato CCOO, coa Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, co Ateneo Ferrolán, coa Cooperativa Amorada, coa Fundación Eomaia, coa Escola de Traballo Social de Santiago de Compostela, coa Asociación de IV Ciclo do Campus de Lugo e coa USC. En total, as 17 actividades seguintes ao longo do ano:

### ● Febreiro

#### **Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Foz, Lugo. Participan Neves Núñez e Isabel Blanco. Organizada polo sindicato CC.OO. da comarca de A Mariña.

#### **Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Viveiro, Lugo. Participan Neves Núñez e Isabel Blanco. Organizada polo sindicato CC.OO. da comarca de A Mariña.

#### **Dereitos sanitarios ao final da vida.** *(Charla Coloquio)*

Ponteareas, Pontevedra. Participa Isabel Blanco. Organizada pola Fundación Eomaia, no marco do "III Curso de formación de voluntariado para o acompañamento ao final da vida".

### ● Marzo

#### **Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Gondomar, Pontevedra. Participan Alexandra Sanmarful e Leonor Estévez. Organizada conxuntamente coa Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Val Miñor. No Auditorio Municipal Lois Tobío de Gondomar.

#### **Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Nigrán, Pontevedra. Participan Laura Fernández e Isabel Blanco. Organizada conxuntamente coa Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Val Miñor. Na Biblioteca de Nigrán.

#### **Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Cangas, Pontevedra. Participan Isabel Blanco e Leonor Estévez. Organizada conxuntamente coa Asociación A Voz da Sanidade de Cangas. No Salón de Plenos do Concello de Cangas.

- Abril

**Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Baiona, Pontevedra. Participan Laura Fernández e Alexandra Sanmarful. Organizada conxuntamente coa Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Val Miñor. No Multiusos do mercado de Sabarís.

**Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Santiago de Compostela. Participa Isabel Blanco. Organizada conxuntamente coa Escola de Traballo Social de Santiago Compostela e dirixida ao alumnado de 3ª curso da Escola.

- Maio

**Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Ferrol. Participan Ascensión Cambrón e Isabel Blanco. Organizada en colaboración co Ateneo Ferrolán.

**Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

A Coruña. Participan Ramón Veras e Miguel Anxo García. Organizada conxuntamente con SOS Sanidade Pública. No Circo de Artesáns de A Coruña.

- Xuño

**Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Lugo. Participan Miguel Anxo García e Isabel Blanco. Organizada por DMD Galicia. No Centro Sociocultural "O Vello Cárcere" de Lugo.

- Agosto

**Aplicación e posta en práctica da Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia.** *(Cinefórum)*

Santiago de Compostela. Participa Isabel Blanco. No marco do curso organizado pola USC "A prestación dos servizos sanitarios ante os retos do século XXI".

- Outubro

**Falemos do testamento vital.** *(Charla Obradoiro)*

Vigo. Participan Elvira Vereas e Isabel Blanco. Organizada conxuntamente con Amorada cooperativa.

- Novembro

**O testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Ferrol. Participa Josefina Rosalía Feal. Organizada en colaboración coa Asociación Cultural Fuco Buxán. Ten lugar no local da asociación.

**Falemos de dereitos sanitarios: a eutanasia e o testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Lugo. Participan Isabel Blanco e Xulia Novales. Organizada conxuntamente coa Asociación de IV Ciclo do Campus de Lugo.

**I XORNADA GALEGA SOBRE A MORTE DIGNA.**

Xornada organizada por DMD Galicia. Na Facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela. Marina Iglesias, especialista universitaria en coidados paliativos, falou da súa experiencia comunicativa con pacientes terminais. Miguel Vieito, especialista en dereito sanitario, enmarcou os dereitos sanitarios e a LORE dentro do noso regulamento. Nieves Molíns, presidenta da Comisión de Garantía e Avaliación de Galicia, fixo un percorrido polo que foi ata o momento o desenvolvemento legislativo da LORE. Por último, a mesa de partidos políticos animou ao debate sobre as políticas a desenvolver dende os distintos niveis da Administración.

- Decembro

**Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*


Santiago de Compostela. Participa Isabel Blanco. Organizada conxuntamente coa Escola de Traballo Social de Santiago Compostela e dirixida ao alumnado de 2º curso da Escola.

## Máis persoas asociadas

O 1 de xaneiro de 2022 a Asociación DMD en Galicia estaba integrada por 276 persoas asociadas; ao longo do ano producíronse 19 altas fronte ás 24 que se produciron en 2021. Por outra banda prodúcense 10 baixas en 2022 que deixan un crecemento real de 9 persoas máis con respecto a 2021.

Estes datos de crecemento son similares en todo o país; co inicio da pandemia o crecemento se viu afectado e reduciuse practicamente a cero; agora vemos como melloran os datos, aínda que o fagan lentamente, tendo en conta que o contexto actual de prezos e encarecemento da vida non axuda a que se produza unha recuperación completa e podamos volver a cifras de crecemento previas á pandemia.

A Asociación Federal pecha o ano 2022 cun total de 7.711 persoas asociadas das cales o número de persoas de DMD Madrid e DMD Cataluña supoñen case o 60% do total.



Extracto do Plan Estratégico de DMD Federal (2022-2026)

- Ser referente informativo da cidadanía, persoas socias e prensa

## Comunicados de prensa.

- FEBREIRO

### [🔗 Un dereito maltratado, unha persoa magoada. a administración non atende un caso de solicitude de prestación de axuda para morrer.](#)

Comunicado de prensa en relación a un caso de solicitude de eutanasia, no que a administración está a practicar un obstrucionismo que deriva nun sufrimento inadmisibile para o enfermo e a súa familia.

- ABRIL

### [🔗 A consellería de sanidade segue a dificultar o dereito a solicitar a eutanasia.](#)

Comunicado de prensa sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación á eutanasia e ao testamento vital. Diversos medios fanse eco do comunicado; a título ilustrativo enlaces a dous deles:

[🔗 PRAZA.GAL](#)

[🔗 GALICIACONFIDENCIAL.COM](#)

## Aparicións en prensa.

Durante 2022, a nosa presenza en medios consistiu en ofrecer o noso punto de vista sobre casos particulares que se fixeron públicos, en avaliar a posta en marcha da lei de eutanasia, así como a inacción da Administración en relación á modificación do documento de instrucións previas (DIP). En relación a isto último, a nosa presión tivo como consecuencia a inclusión de xeito correcto da opción da eutanasia no DIP do SERGAS.

- 2 de febreiro

### **Entrevista ao presidente de dmd galicia en radio voz.**

Entrevista a Miguel Anxo García Álvarez, presidente de DMD Galicia, en Radio Voz de Vigo-Pontevedra.

- 20 de abril

### [🔗 Entrevista ao presidente de dmd galicia en “la ventana de galicia”.](#)

Entrevista na cadena SER a Miguel Anxo García Álvarez, presidente de DMD Galicia, sobre as dificultades polas que atravesamos a implantación do dereito á eutanasia e a formalización e rexistro do testamento vital. *(Pódese escoitar a partir do minuto 11).*

- 3 de xuño

### [🔗 Entrevista ao presidente de dmd galicia na radio galega.](#)

Entrevista a Miguel Anxo García Álvarez, presidente de DMD Galicia, no programa «Convivir», da Radio Galega, para comentar como está a resultar a aplicación da lei de eutanasia, a piques de cumprir un ano dende a súa entrada en vigor. *(Pódese escoitar entre os minutos 20 e 40).*

Extracto do Plan Estratégico de DMD Federal (2022-2026)


- Mellorar a atención personalizada e manernos como referentes na defensa do dereito á eutanasia e dos dereitos ao final da vida.
- Seguir ofrecendo información e asesoramento básicos a toda a poboación.

## Asesoramento en Galicia

DMD ofrece asesoramento de forma gratuíta a calquera persoa que o necesite, aínda que unha parte da atención, fundamentalmente cando esta require maiores recursos, realízase unicamente para persoas asociadas. O asesoramento que nos demandan pode consistir en información básica sobre o testamento vital ou chegar ata o asesoramento médico en situacións ao final da vida. Para que toda persoa que o necesite poida acceder ao noso asesoramento, en DMD Galicia contamos cunha dirección de correo electrónico e un teléfono.

Ao longo do ano 2022 o grupo de traballo de atención personalizada de DMD Galicia atendeu demandas de información sobre os seguintes temas: testamento vital (29), asesoramento sobre morte voluntaria (4), dereitos sanitarios ou enfermidade (12), eutanasia (16), asociación (8).

Detalles da atención realizada en 2022 pola AFDMD (datos redondeados)



Ademais dos datos xerais, en Galicia destacamos as seguintes atencións:

En resposta á demanda da familia, unha compañeira do grupo de traballo de atención personalizada visita en repetidas ocasións no seu domicilio e asesora a un enfermo de A Coruña que solicitou a eutanasia e ao que non se lle da a resposta axeitada por parte da Administración. Esta intervención e as reclamacións pertinentes practicadas procuran que o proceso finalmente se desenvolva segundo o establecido normativamente. DMD Galicia emite un comunicado de prensa: “Un dereito maltratado, unha persoa magoada” (ver apartado “Comunicados”).

En resposta á demanda dunha muller de Rianxo, que cumpre os requisitos legais para a prestación de axuda para morrer, e a quen a Administración non lle da razón a pesar de ter transcorrido o tempo legal, compañeiras de atención personalizada acompañana e asesórana no seu domicilio. A concesión da prestación resólvese 5 meses despois de iniciada, moi lonxe dos prazos previstos legalmente.

Atendemos un caso de incompetencia administrativa na tramitación do testamento vital dun enfermo moi grave, que solicita a súa formalización antes de ingresar en quirófano no CHUAC de A Coruña.

DMD Galicia presenta un escrito ante a presidenta da Comisión de Garantía e Avaliación de Galicia para deixar constancia da súa valoración en relación á resposta de dita Comisión a unha solicitude de aprazamento da prestación de axuda para morrer. DMD Galicia discrepa dos termos en que a Comisión resolve dita solicitude, entende que hai esixencias nesa resposta que non son aceptables, pois son limitativas do dereito á prestación previamente concedido, ademais de atribuír ao médico ou médica responsable unha función que non lle corresponde. “Non hai ningunha razón, nin legal, nin técnica, nin organizativa, que poida situarse ao nivel do dereito afectado para non aceptar, ou condicionar, a decisión da persoa de aprazar o día no que quere recibir a prestación de axuda médica para morrer”.



## Asemblea de socias e socios

En marzo celebramos a Asemblea anual ordinaria de socias e socios. Infórmase sobre o plan de actividades para o ano en curso: programa de charlas, curso de verán, presenza nos medios, relación con outras instancias sociais, preparación do Día da Morte Digna, atención personalizada.

## Reunións da xunta directiva

A xunta directiva de DMD Galicia celebrou 9 xuntanzas ordinarias, nas que se trataron os seguintes temas, entre outros:

- Deseño e preparación de actividades varias
- Revisión das actividades en curso e balance das actividades desenvolvidas: charlas, relación cos medios de comunicación, seguimento da LORE en Galicia, etc.
- Seguimento dos casos de atención personalizada
- Preparación dos contactos cos partidos políticos do Parlamento galego, de cara a introducir a morte digna no mesmo
- Planificación e organización da I Xornada Galega sobre a Morte Digna
- Preparación das accións para acadar a institucionalización do 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galicia: campaña de solicitude de apoios e difusión
- Preparación das accións previstas para o Día da Morte Digna en Galicia

## As contas de DMD Galicia

DMD Galicia tivo uns ingresos de 15.667,00€ e un gasto total de 16.348,85€. Estes gastos divídense en dous grupos: por unha banda o gasto directo, que se deriva fundamentalmente do desenvolvemento das actividades de DMD Galicia, que foi de 4.157,89€ e, doutra banda, a parte correspondente a Galicia do mantemento da estrutura común de DMD Federal que foi de 12.190,96€. Detállase o total de gastos nos seguintes epígrafes:

### COMISIONS CONTA CORRENTE

114,08€

### IMPOSTOS

42,51€

### GASTOS PROFESIONAIS

9.658,08€

### MATERIAL CORPORATIVO

1.790,15€

*Dos cales 1.611,81€ son gasto directo de DMD Galicia*

### ESPAZO E SUBMINISTRACIÓNS

1.394,00€

### MATERIAIS DE OFICINA

236,75€

*Dos cales 24,75€ son gasto directo de DMD Galicia*

### ACTIVIDADES

2.521,33€

*Dos cales 2.521,33€ son gasto directo de DMD Galicia*

### FORMACIÓN

578,00€

### ACHEGA Á WORLD FEDERATION

13,95€

## Coordinación e integración en DMD Federal

DMD Galicia forma parte da Asociación Federal Dereito a Morrer Dignamente, que integra a todas as Asociacións Autonómicas de DMD e a todos os Grupos Locais en territorios que non dispoñen dunha Asociación Autonómica. Por unha banda forma parte da Xunta Directiva de DMD Federal e participa da toma de decisións, por outra se integra en todos os grupos de traballo e participa das actividades que se organizan, así como da súa Asemblea.

### ■ Xunta Directiva

En 2022 a Directiva de DMD Federal convocouse nunha ocasión para informar desde a executiva e compartir decisións sobre algúns temas, como a creación da Comisión para elaborar o Regulamento, o cambio de aplicación para a xestión de socias e socios ou a creación da Comisión de traballo para elaborar o Informe DMD sobre a LORE, etc. Foi o 20 de outubro e participou nela Miguel Anxo García.

### ■ Atención personalizada

A Atención Personalizada de DMD é unha área de traballo na que houbo que concentrar esforzos este 2022, en parte polo aumento das solicitudes de información, pero fundamentalmente porque tivemos que analizar a LORE e estar pendentes da súa aplicación, elaborando e deseñando procedementos que servisen para axudar ás persoas que atopan obstáculos no exercicio deste dereito.

O traballo para definir estes procedementos fíxose de forma coordinada co resto da organización Federal e este espazo de coordinación serviunos para compartir experiencias co resto de Asociacións Autonómicas e Grupos Locais. Ao longo de 2022 organizáronse tres reunións nas que participou DMD Galicia.

#### ■ 26 de maio

Desde a Executiva de DMD Federal preséntase a Parte do Plan estratéxico de Atención Personalizada e os modelos de reclamación, ámbolos dous froito do traballo conxunto. Establécense os canles e as persoas de cada Asociación Autonómica e Grupos Locais para derivar as consultas que chegan de fóra dos nosos territorios, anúnciase o proxecto para elaborar unha guía do proceso de solicitude de eutanasia e péchase a reunión cun repaso xeral da situación da LORE en cada territorio.

#### ■ 13 de outubro

Esta reunión pretende recapitular o contido das reunións anteriores e facer un repaso da situación da LORE en cada territorio. Durante este intercambio xorde a conversación en torno ao Testamento Vital e a Planificación Anticipada das Decisións; trasládase o debate sobre este tema a outra reunión por falta de tempo.

#### ■ 17 de novembro

Establécese un criterio consensuado sobre a Planificación Anticipada das Decisións. O consenso é total por parte de todas as Asociacións Autonómicas e Grupos Locais: o Testamento Vital é a ferramenta coa que a cidadanía, sen necesidade de estar nun contexto de enfermidade e tutelado por un profesional sanitario, establece as súas prioridades e expresa cales son as súas decisións para unha situación en que non poida facelo. DMD aposta polo Testamento Vital, o cal non pode ser substituído pola Planificación Anticipada das Decisións en ningún caso.

### ■ A Caixa Común

Na Asociación Federal temos un acordo polo que compartimos os recursos económicos: todos os ingresos concéntranse nunha Caixa Común e con eles cóbrense os gastos de DMD Galicia e os gastos compartidos co resto da organización. Para calcular a parte do gasto compartido que debe cubrir cada Asociación repártese o montante total do gasto de Federal entre as diferentes Asociacións federadas de xeito proporcional ao número de persoas asociadas. Con este sistema preténdese:

- Mellorar o funcionamento da organización utilizando os recursos humanos e materiais da federación coa máxima eficacia, diminuíndo custos e poñendo a disposición dos grupos un equipo técnico para diferentes áreas de traballo.
- Descargar aos grupos sen capacidade para contratar a unha persoa destas tarefas, facilitando o obxectivo fundamental da asociación: a difusión.
- Que todos os grupos teñan capacidade de desenvolver o Plan Estratéxico da Asociación sen que existan diferenzas entre os grupos con maior capacidade económica e os que menos recursos económicos teñen.

### ■ Comisións de traballo

#### Estatutos

Esta comisión inicia o seu traballo antes de 2022 para redactar uns [🔗 novos estatutos](#). En abril de 2022 finalizase o traballo e preséntanse en Asemblea para a súa aprobación, quedando aprobados o 21 de maio.

#### Regulamento Interno

Tras a elaboración dos novos estatutos de DMD Federal, queda pendente a elaboración dun Regulamento Interno que profundase no funcionamento da organización e completase os Estatutos.

#### Informe Lore

Esta comisión ten o encargo de elaborar o primeiro informe de DMD sobre o funcionamento da LORE. Iníciase en decembro, polo que a maior parte do traballo realizarase nos primeiros meses de 2023.

### ■ Revista de DMD



A revista de DMD organízase cun grupo de redacción no que teñen cabida todas as Asociacións Autonómicas e os Grupos Locais. Por parte de DMD Galicia participa Ascensión Cambrón.

Artigo de Miguel Anxo García, psicólogo clínico e presidente de DMD Galicia, no número 86 da revista da DMD: [🔗 “El cumplimiento de la LORE en Galicia, o los equilibrios políticos del presidente de la Xunta”](#).

### ■ Curso de verán

Durante os días 4, 5, 6 e 7 de xullo DMD Federal participou no Curso de Verán de Santiago de Compostela sobre “Vida digna, morte digna. Pensar na morte voluntaria” organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e que tivo lugar na Facultade de Filosofía.

Integrantes da Xunta Directiva de DMD Galicia asistiron ao curso que tivo este [📎 programa oficial do Curso](#).

### ■ Encontro DMD

En 2022 tivo lugar o segundo encontro de DMD, unha reunión interna na que participan todas as Asociacións e Grupos Locais de DMD, e que se desenvolve ao longo dunha fin de semana.

A finalidade deste encontro é traballar en grupo, acordar as posturas da Asociación e asegurar a participación conxunta na toma de decisións. Neste encontro centrouse o traballo en o [📎 novo Plan Estratéxico da Asociación Federal](#), que dalgún xeito serve de marco de traballo tamén para as Asociacións e Grupos Locais. Acudiron en representación de DMD Galicia Miguel Anxo García e Isabel Blanco.

